



DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO



BIBLIOTECA DO CENTRO DE ARTESANÍA E DESEÑO

NORMAS XERAIS DE USO

O acceso á biblioteca é libre e gratuito para toda aquela persoa interesada na consulta dos fondos dos que dispón.

Débese gardar silencio, non se poderá ter conectado os teléfonos móbiles (especialmente se hai máis usuari@s facendo uso das instalacións), así como tamén está prohibido o consumo de alimentos e bebidas no interior das instalacións e o acceso de animais ás mesmas.

O horario de acceso ás instalacións é de luns a venres de 10:00 a 14:00.

PRÉSTAMO

O/a usuari@ poderá dispór como máximo de 3 exemplares ao mesmo tempo, sendo o período de tempo de préstamo de 15 días, podendo renovarse por outros tantos, previa comunicación antes da finalización do devandito período, no propio centro, ou ben mediante unha chamada telefónica ao 982 21 00 66.

PERDA DE DOCUMENTOS PRESTADOS, DESPERFECTOS E ATRASOS NA DEVOLUCIÓN

A entrega dos exemplares fóra de prazo, implica a suspensión do dereito de préstamo polo tempo que se demorase a devolución. No suposto dano ou perda do documento, o/a usuari@ deberá reparalo, repoñer ou pagar ao prezo actual do mesmo, suspendéndolle a opción de novos préstamos en tanto non cumpla estas exisencias.

No caso de perda ou desperfecto de obras esgotadas ou que non sexa posible a súa adquisición no mercado, deberase aboar as seguintes cantidades a efectos de compensación ao non poder repórse:

- Libros de ata 200 páxinas → 100 euros
- Libros de máis de 200 páxinas → 150 euros
- Cintas de vídeo VHS → 30 euros
- CD e DVD → 30 euros